

Meira, 8 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Antonio De Dios Alvarez, do que eu, Secretaria Interventora Accidental, dou fe.

R. 0043

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO DO CONCELLO DE MEIRA

Transcorrido o prazo de exposición pública dos acordos do Concello de Meira de data 15 de maio de 2024 referidos á aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, sen que se presentara ningunha reclamación unha vez transcorrido o prazo de exposición pública, devanditos acordos elévanse a definitivos de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, publicándose o texto modificado e co seguinte detalle:

Art. 4: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria da taxa determinarase pola aplicación do seguinte cadro de tarifas:

	ACTUAL	NOVA PROPOSTA
CONCEPTO	TARIFA BIMENSUAL (€)	TARIFA BIMENSUAL (€)
Vivendas	7,00	10,00
Cafeterías, bares, tabernas, pubs, discotecas, hostais, hoteis, casas turismo rural e outros establecementos hostaleiros	40,00	45,00
Locais comerciais, oficinas bancarias e talleres	30,00	35,00
Oficinas e despachos profesionais	20,00	25,00

Contra este acordo, elevados a definitivos, e a súa respectiva ordenanza poderán os interesados interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiciano prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación destes acordos e do texto íntegro das Ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Meira, 8 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Antonio De Dios Alvarez.

R. 0044

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23.12.2024, prestouse aprobación as bases e convocatoria do proceso selectivo, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DE UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de Monforte de Lemos (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello, en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles dende o día seguinte da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases e demais información do proceso selectivo pode ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es).

Monforte de Lemos, 8 de xaneiro de 2025.- O alcalde, José Tome Roca.

R. 0045